

REGULAMENTO LIGAS UNIVERSITARIAS USC

ÍNDICE

1. MODALIDADES DEPORTIVAS	3
2. SISTEMA DE COMPETICIÓN	4
3. NORMATIVA.....	7
4. SANCIONES E RECURSOS	8
5. APRAZAMENTOS	14
6. INSTALACIONES DEPORTIVAS	14
7. MATERIAL.....	15
8. ASISTENCIA MÉDICA	16
10. PARA SER ARBITRO DAS LIGAS	17
11. RECOÑECIMIENTO ECTS.....	18

1. MODALIDADES DEPORTIVAS

A Área de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela, organiza as ligas universitarias, no campus de Lugo e Santiago nas seguintes modalidades deportivas:

Modalidades	Campus de Santiago	Campus de Lugo
Baloncesto	Masculino e feminino	Libre
Fútbol 7	Libre	
Fútbol Sala	Masculino e feminino	
Voleibol	Mixto	

**Libre: Non ten restricións de xénero, permitindo a participación de calquera persoa que desexe competir.*

**Mixto: Obrigatorio estar en pista 3 homes e 3 mulleres.*

LÍMITE DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS

Fútbol 7	Fútbol Sala	Voleibol	Baloncesto
60	24	24	24

Poderá participar nas ligas universitarias, todas as persoas membros da comunidade universitaria (alumnado, PDI ou PTXAS).

Os equipos participantes poderanse constituír de forma libre, independente do centro, departamento ou servizo ao que pertencen os seus integrantes.

Os xogadores poderán participar nas 4 modalidades deportivas, pero non poderán xogar en máis dun equipo da mesma modalidade.

Cada equipo nomeará unha persoa capitá que debe facerse responsable de todo o que teña que ver co seu equipo, e será a persoa de contacto coa Área de Deportes.

Os datos da persoa responsable do equipo (nome, apelido, e correo electrónico da USC), así como do resto dos xogadores poderán ser empregado e publicado para o correcto desenvolvemento da competición, de acordo o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e segundo o asinado no momento da inscrición na páxina web.

Con todas as persoas capitás, crearase un **grupo de whatsapp (por modalidade deportiva e categoría)** para facilitar a comunicación con respecto a cambios de partido, horarios, consultas...).

Durante a competición poderase realizar altas de xogadores/as nos períodos indicados na páxina web (alta de xogadores).

Todas estas modificacións deberán realizarse a través da aplicación web pola persoa capitá.

Non se aceptarán inscricións daqueles equipos que non teñan o número mínimo de xogadores/as esixido por cada modalidade deportiva.

MÁXIMOS E MÍNIMOS POR MODALIDADE DEPORTIVA

Modalidade	Máximo	Mínimo
Fútbol 7 libre	25	7
Fútbol Sala	25	5
Baloncesto	18	5
Voleibol mixto	18	6

2. SISTEMA DE COMPETICIÓN

En todas as ligas se xogará unha liga regular a unha soa volta ou a dobre volta dependendo do número de equipos inscritos.

En función do número de equipos formaranse diferentes grupos dentro de cada modalidade deportiva.

Todos os partidos das ligas xogaranse de luns a xoves nas diferentes instalacións dispoñibles pola Área de deportes.

O modelo de competición de cada modalidade deportiva, será publicado na páxina web.

() A Área Deportiva da USC reservase o dereito de facer calquera modificación na organización das Ligas Universitarias para o mellor funcionamento das mesmas, así o sistema de competición poderá sufrir algunha modificación en función do número de equipos inscritos e durante o transcurso do campionato no caso de haber equipos sancionado ou expulsados*

MODO DE PUNTUACIÓN

Modalidade	Vitoria	Derrota	Empate
Fútbol 7 Libre	3	0	1
Fútbol Sala	3	0	1
Baloncesto	2	1	-

Voleibol Mixto	PUNTOS
2-0	3
2-1	2-1
1-2	1-2
0-2	3

DURACIÓN DOS ENCONTROS

Modalidade	Duración dos encontros
Fútbol 7 Libre	- 2 tempos de 20 min. de duración cun descanso de 5 min
Fútbol Sala	- 2 tempos de 20 min. con 5 minutos de descanso. - Tempo morto: 1 min. por tempo, a tempo parado
Baloncesto	1ª-2ª FASE DA LIGA - 2 tempos de 20 min, con 5 min de descanso. - 2 tempos mortos de 1min. 50 seg. PLAY OFF E COPA - 4 tempos de 10 min. a reloxo corrido, agás os últimos 3 min do último cuarto - 2min. de descanso entre o 1º e 2º período e o 3º e 4º - 5 min. de descanso entre o 2º e 3º período - Un tempo morto de 30 seg. a tempo parado en cada período - No caso de empate haberá un prórroga de 5 min. de reloxo
Voleibol mixto	- 2 set a 25 puntos e o terceiro set, en caso de empate, a 15 puntos, gañando o primeiro que alcance a puntuación requirida cunha diferenza mínima de 2 puntos. - Nesta modalidade é obrigatorio estar en pista 3 homes e 3 mulleres

Os equipos deben presentarse 15 min. antes do encontro.

Nas ligas Universitarias utilizaranse os seguintes regulamentos técnicos, sempre tendo en conta as modificacións que aparecen reflexadas neste regulamento:

- Fútbol 7: Regras de xogo da RFEF.
- Fútbol sala: Regras de xogo da FIFA.
- Baloncesto: Regas de Xogo da FIBA.
- Voleibol: Regra de xogo RFEVB.

CALENDARIO, RESULTADOS E CLASIFICACIÓN

- Datás de competición: consultar na web no momento da inscrición.
- Prazo de inscrición: Setembro.
- Inicio das ligas: primeira semana de outubro aproximadamente.

As datas exactas serán publicadas na páxina web e poderán sufrir algunha modificación en función do número de equipos inscritos e doutras causas alleas a Área de Deportes.

Todos os calendarios, resultados e clasificación, así como os partidos aprazados ou pendentes, poderanse consultar na páxina web da Área de Deportes.

CRITERIOS DE DESEMPATE NA CLASIFICACIÓN

Entre dous equipos:

1. Resultado dos enfrontamentos directos entre os equipos implicados.
2. Diferenza de goles / puntos entre os enfrontamentos directos dos equipos implicados.
3. Goles / puntos a favor nos partidos dos equipos implicados.
4. Diferenza de goles / puntos na clasificación xeral
5. Goles / puntos a favor na clasificación xeral.
6. Fair Play. Se terán en conta o número de sancións (non aplicable a voleibol e baloncesto).
7. Sorteio.

Entre máis de dous equipos:

Mini clasificación exclusiva dos equipos empatados

- Goles / puntos obtidos entre os equipos implicados.
- Diferencia de goles / puntos entre os equipos implicados.
- Goles / puntos a favor entre os equipos implicados.

Resolta a orde parcial, excluindo os equipos empatados, aplicarase os criterios do de desempate entre 2 equipos.

3. NORMATIVA

PERSOAL DA INSTALACIÓN

O acceso ás instalacións deportivas supón a aceptación da normativa de uso e a obriga de respectar as indicacións **do persoal responsable das mesmas**.

Suspenderase o dereito ao uso das instalacións:

- Cando non se respecten as normas de uso.
- Cando se produzan deterioro nas instalacións.
- Cando perigue a integridade física dos participantes.

ÁRBITROS

O árbitro **representa a máxima autoridade** deportiva dentro do terreo de xogo. Será o responsable de que se cumpra coa normativa da competición.

Todas as persoas xogadoras e capitás, que formen parte das Ligas Universitarias da USC deberán acatar es respectar as súas decisións.

Todos os quipos deberán tratar co máximo respecto durante a competición, de non ser así, a Área de Deportes da USC poderá aplicar diferente tipos de sancións dependendo da gravidade dos feitos. Esta sanción poderán ser aplicadas a nivel individual ou colectivo.

É **necesario que todos os árbitros preséntense 15 min. antes do inicio do partido** xa que, todos os compoñentes dos equipos terán que presentarlle a tarxeta TUI, DNI, pasaporte ou carné de conducir en vigor. **No caso do Campus de Lugo**, DNI, pasaporte ou carné de conducir en vigor.

Non poderá participar no encontro, ningunha persoa xogadora que non cumpra o requisito anterior e que ademais non está incluído na acta do partido. Só se poderá incluír xogadores/as na acta aqueles que sexan autorizados pola Área de Deportes.

É **competencia dos árbitros/as**:

- Marcar a asistencia (na acta física) de cada xogador en cada partido.

- Subir os resultados de cada partido a aplicación web o remate dos mesmos.
- Calquera incidencia que considere que ten que ser mencionada, debe ser escrita na acta, de forma clara e obxectiva.
- A aplicación de regulamentos e resolver situacións deportivas disciplinarias que xurdan durante os partidos.

Xunto coa Área de Deportes, o/a árbitro/a, serán as únicas autoridades que poderán determinar se un encontro ten que ser suspendido por cuestións meteorolóxicas, faltas disciplinarias graves, etc.

Se un árbitro, por circunstancias persoais e alleas ao Área Deportiva, non se presentase a un partido, existen dúas opcións:

- Repetición do partido.

- O día e a hora será negociado coa área Deportiva, a condición de que exista dispoñibilidade de campo e árbitro.

- Que ambos os equipos decidan disputar o partido e que unha vez finalizado o mesmo, as persoas capitás (se non estivesen presentes ese día, un xogador/a de cada equipo) **anoten o resultado do partido**. Ambas persoas deben **firmar a acta**.

4. SANCIONES E RECURSOS

DE AMBITO UNIVERSAL

- Faltas ao respecto e incumprimento das indicacións dadas pola persoa encargada de organizar as ligas Universitarias e polo persoal das instalacións deportivas, tanto da USC como doutros organismos onde se desenvolvan as ligas da USC.
- Fumar, beber alcol e entrar envases de vidro nas instalacións deportivas da USC ou en instalacións alleas onde se celebren encontros das ligas da USC.

Sanción:

- Expulsión inmediata da instalación deportiva da persoa infractora.
- Se é xogador/a de as ligas: expulsión definitiva das ligas da USC.
- Se esta actitude é por parte de membros dun equipo: expulsión definitiva do equipo das ligas da USC.

OBXECTOS PERIGOSOS

Os xogadores/as non poden levar obxectos perigosos. Queda prohibido todo tipo de complementos (xoias, colares, aneis, pulseiras, reloxo, piercings nasais, gomas etc.)/ etc.), estando obrigados a retiralos ou a cubrilos con cinta ou esparadrapo.

- **Sanción:** a persoa xogadora que incumpra esta regra non poderá disputar o encontro.

EQUIPAMENTO

Non estar correctamente equipados como equipo.

- **Sanción:** o equipo non poderá xogar e daráselle o partido por perdido.
- **Reincidencia:** o equipo será expulsado definitivamente da competición se reincide en máis de dúas ocasións.

FALTAS COMETIDAS POLAS PERSOAS XOGADORAS E PERSOA CAPITÁ

Falta moi grave:

- Toda agresión física a calquera persoa dentro do recinto deportivo.
 - **Sanción:** expulsión definitiva do infractor da competición.

Falta grave

- Ameazar, coaccionar, insultar, ofender ou realizar actos humillantes ou vexatorios de palabra ou de obra contra calquera persoa dentro do recinto deportivo.
- "Intento de agresión" ou "agresión non consumada" contra calquera persoa dentro do recinto deportivo.
- Emprego de métodos ou procedementos violentos durante o xogo.
 - **Sanción:** 4 partidos de suspensión para a persoa infractora.
 - **Reincidencia:** expulsión definitiva da persoa infractora da competición.

Falta leve

- Protestar de modo reiterado as decisións arbitrais.
- Adoptar unha actitude pasiva ou negligente no cumprimento das instrucións arbitrais ou desobedecer as súas ordes.
- Dirixirse a calquera persoa dentro do recinto deportivo con expresións de menosprezo ou cometer actos de desconsideración cara a elas.

- Empregar, no transcurso do xogo, medios ou procedementos violentos que tenten atentar ou atenten de maneira non consumada contra a integridade doutros xogadores.
- Provocar ou incitar ao público en contra da correcta marcha do partido.
- Expresarse de modo atentatorio contra o decoro debido ao público ou ofender a algún espectador con palabras ou xestos.
 - **Sanción:** 2 partidos de suspensión para a persoa infractora.
 - **Reincidencia:** 4 partidos de suspensión para a persoa infractora ou expulsión definitiva desta da competición (en función da gravidade).

FALTAS COMETIDAS POLOS EQUIPOS

INCOPARECENCIA

Para que un equipo poda considerarse presentado a disputar un partido, o número de persoas xogadoras deberá ser o seguinte:

- Fútbol 7: 6
- Fútbol Sala: 4
- Baloncesto: 4
- Voleibol: 5

Cando un equipo **non se presenta a un partido, debe xustificalo** cun **previo aviso de 24 horas**, de non ser así, non soamente **perde o partido (0-3) senón que se considera “NON PRESENTADO SEN PREVIO AVISO”**.

Cando un equipo, sume dous partidos “NON PRESENTADO SEN PREVIO AVISO”, excluírase automaticamente da competición. En ningún caso, os seus xogadores/as poderán inscribirse noutro equipo da mesma modalidade deportiva.

Os avisos serán enviados por correo electrónico indicando:

- Nome do equipo.
- Modalidade e categoría.
- Hora e día do partido.

Campus de Lugo: jesus.castro@usc.es

Campus Santiago: ana.martinez.fernandez@usc.es

RETIRADA OU EXPULSIÓN DUN EQUIPO

Cando un **equipo, retírase ou é expulsado da competición, daráselle por perdido todos os partidos** (xogados e pendentes), co obxectivo de interferir o menos posible nos resultados da competición.

DEMORA

A demora dun equipo non excederá de 10 min, de ser así o árbitro/a e a persoa capitá do equipo presente, de mutuo acordo, darán por concluído o encontro. Todo o acontecido debe figurar na acta.

Se ambos equipos e o árbitro pactan comezar o encontro despois dos 10 min de espera e, **sempre e cando non interfira en partidos posteriores**, xogarse tendo en conta:

- Descontarase, o tempo de retraso, do período de descanso.
- Restarse, se fose necesario, tempo de xogo na segunda parte do partido.

Se o encontro non se chega a disputar, o equipo presente pode facer uso do campo (no horario correspondente ao seu partido). No caso de que algunha persoa externa ao equipo se una ao xogo, esta ten que estar dada de alta como usuaria da Área Deportiva da USC.

É de carácter obrigatorio:

- Presentar a TUI para que o persoal da instalación poida realizar esta comprobación e poida rexistrar a asistencia.
- Ter roupa axeitada para a practica deportiva

Falta moi grave

- Intervención en feitos conducentes á obtención dun "resultado predeterminado" nun partido.
- Retirada dun equipo do campo de xogo unha vez iniciado o partido.
- Actitude incorrecta do equipo durante un partido.
- Quebrantamento das sancións impostas polo Comité de Competición.
- Faltas de consideración por parte do equipo cara ao conxunto arbitral, aínda que este non poida saber a identidade dos infractores.
 - **Sanción:** exclusión definitiva da competición.
- Falsidade de datos fundamentais e/o Aliñación indebida.

- **Sanción:** Expulsión inmediata da competición.

Falta grave

- Conduta antideportiva dos seus xogadores.
- Incumprimento das ordes e instrucións dadas pola organización das ligas.
 - **Sanción:** perda do partido.
 - **Reincidencia:** perda do partido + perda de 4 puntos na clasificación.

Falta leve

- As que determine no seu momento o Comité de Competición no exercicio das súas competencias.
 - **Sanción:** apercibimento.
 - **Reincidencia:** considerárase como falta grave.

PROTESTAS, RECLAMACIÓNS E RECUROS

As persoas capitás dos equipos poderán formular pro escrito, a Área de Deportes, as observacións, queixa, suxestións que consideren oportunas.

En caso de, referirse a unha **incidencia nun encontro concreto**, deberase presentar a **respectiva queixa/reclamación nun prazo máximo de 48 h.**

Contra os acordos e as decisións do Comité de Competición poderá interpoñer un recurso de apelación dentro de 3 días hábiles seguintes ao da comunicación do acordo ou decisión que o motivase.

FALTAS COMETIDAS POLO EQUIPO ARBITRAL

Falta moi grave

- Todo tipo de agresión física ou verbal a calquera persoa dentro do recinto deportivo.
- Parcialidade probada cara a un dos equipos.
- Redacción, alteración ou manipulación da acta dun partido de maneira que as súas anotacións non se correspondan co acontecido no partido.
- Información maliciosa e falsa.
 - **Sanción:** expulsión definitiva das ligas da USC.

Falta grave

- Incumprimento das súas obrigacións como parte do equipo arbitral.
 - **Sanción:** apercibimento ou inhabilitación, segundo a gravidade.

COMITÉ DE COMPETICIÓN

As **sancións e recursos serán emitidas e valoradas polo Comité de Competición** que estará romado polos/as técnicos/as de actividades deportivas responsables das ligas en cada un dos campus da Universidade de Santiago.

As resolucións do Comité poderán ser recorridas antes de 3 días hábiles que comezarán a contar desde a súa notificación, mediante un informe presentado nas oficinas da Área de Deportes ou a través do enderezo de correo deporsec@usc.es

O Comité de Competición responderá nun prazo non superior a 7 días hábiles.

A inscrición a Liga Universitaria implica a aceptación destas normas.

COMITÉ DE APELACIÓN

Estará composto por 5 membros:

- **Presidencia:** Dirección da área Deportiva ou persoa en quen delegue.
- **Secretaría:** persoal técnico dá Área Deportiva que coordine as ligas Universitarias.
- **Vogais:**
 - **2 representantes das ligas Universitarias** (terán que participar nelas e ser escollidos por votación ao comezo de cada curso).
 - **1 representante dos árbitros**, que represente ao colectivo arbitral do deporte en cuestión e que será designado polo devandito colectivo.

Para tomar as súas decisións terá en conta:

- A acta do partido.
- Informe adicional do equipo arbitral.
- Informe dos/as capitáns/capitás ou persoas interesadas.
- Calquera outro testemuño que considere válido.

As resolucións do Comité de Apelación esgotarán toas as vías de recurso dentro da organización das Ligas Universitarias.

5. APRAZAMENTOS

Para o bo funcionamento da competición, **non será posible realizar cambios de partidos** fóra dos que sexan necesarios por causas imputables ao Área Deportiva da USC (malas condicións das instalacións, falta de árbitro. ocupación da instalación ...).

Na última fase da liga (semifinais e finais) se existise a necesidade de realizar algún cambio de partido, **valorarase por parte da Área Deportiva.**

Para a **petición de cambio**, será necesario solicitalo por **correo electrónico con 48h de antelación** e indicando no mesmo:

- Modalidade deportiva.
- Nome do equipo.
- Categoría.
- Día e horario do partido para o que se solicita o cambio.

Campus de Lugo: jesus.castro@usc.es

Campus de Santiago: ana.martinez.fernandez@usc.es

6. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

No caso de producirse algún estrago polo mal uso da instalación por parte das persoas participantes, a Área de Deportes poderá pedir responsabilidades ás persoas infractoras.

Tanto os vestiarios como o campo de xogo, debe quedar libre de residuos (botellas, roupa, papeis...), de non ser así a Área de Deportes poderá sancionar ao equipo infractor.

CAMPUS LUGO

MODALIDAD DEPORTIVA	INSTALACIÓN	HORARIO
Baloncesto	Polideportivo O Palomar	Martes de 09:00-14:00
Fútbol Sala		
Voleibol	Campo de A Cheda / As Gándaras	
Fútbol 7		

CAMPUS DE SANTIAGO

MODALIDADES	HORARIO	INSTALACIÓN
Baloncesto	Martes de 12:30 a 19:30 h.	Polideportivo USC.
Fútbol Sala	Luns- mércores de 12:00 a 18:30 h.	Polideportivo USC.
	Martes-xoves de 12:00 a 17:30 h.	Pista exterior cemento (Praza Rodríguez Cadarso).
*Fútbol 7 Libre	Luns-xoves de 13:00 a 21:00 h.	Campo polideportivo USC (herba artificial).
	Martes- mércores: 13:00-17:00 h.	
Voleibol Mixto	Martes de 12:00 a 17:30 h.	Polideportivo USC.
	Xoves de 12:00 a 18:30 h.	

**A Área Deportiva da USC reservase o dereito de facer calquera modificación na organización das Ligas Universitarias debido a imprevistos e outras circunstancias.*

7. MATERIAL

Utilizar unha vestimenta e calzado adecuados.

- Os equipos teñen a obriga de xogar os partidos con unha vestimenta uniforme e con numeración diferenciada, no caso en que coincidan as cores, será o equipo mencionado en segundo lugar no calendario que troque a cor da súa camiseta.
- Se un equipo preséntase a 2 partidos sen a vestimenta adecuada, será expulsado da competición.
- E obrigatorio xogar cun calzado adecuado a cada modalidade deportiva, no caso de **fútbol 7, queda prohibido o uso de botas de tacos de aluminio**. Xogarse con botas multitaco de mínimo 13 tacos.

Responsabilidade das instalacións e materias.

- Todos os equipos deben de facerse responsable do bo uso, tanto das instalacións como dos materias (petos, balóns...). Se por un mal uso da instalación o dalgúns dos materiais producísense danos, o arranxo ou substitución do/s mesmo/s correrá a cargo do equipo ou persoa responsable.

Perdas de balón.

- Os balón prestado para quentar, ten que ser devolto pola persoa que asinou o seu préstamo, así mesmo, o balón utilizado para disputar os encontros é responsabilidade de cada árbitro.

- **Se o balón non é devolto** pola persoa responsable terá a seguinte consecuencia:
 - **O equipo/arbitro deberá pagar 25 €** polo balón, antes de 48 h. nas oficinas da Área Deportiva.

8. ASISTENCIA MÉDICA

PERSOAS CON SEGURO ESCOLAR (ESTUDANTADO)

Considerase accidente escolar toda lesión corporal que sufra o asegurado con ocasión de actividades directa ou indirectamente relacionadas coa súa condición de estudante, incluídas as deportivas, asembleas, viaxes de estudos, de prácticas, de "fin de carreira" e similares, sempre que estas actividades fosen organizadas polos centros de ensino.

A) En caso de precisar atención hospitalaria

A persoa lesionada ten que dirixirse a:

Campus de Compostela:

- Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Rúa da Choupana s/n.

Campus de Lugo:

- Hospital Virxe dos Ollos Grandes, Rúa Montevideo, n.º 23.
- Polusa (Policlínico Lucense). Rúa Dr. Iglesias Otero, s/n.

B) Despois da atención no hospital a persoa lesionada deberá:

- Recoller o parte médico no propio hospital.
- Cubrir o modelo SE1
- Información e modelo do seguro escolar.
- Modelo SE1. (facer 2 copias, unha para o interesado e outra para a Administración).
- Co modelo SE1 o interesado/a irá ás oficinas da Área Deportiva da USC onde lle cumprimentarán o punto 7.
- Unha vez cumprimentado o punto 7, o accidentado/a levará á Oficina da Seguridade Social a seguinte documentación:
 - Parte médico.
 - Modelo SE1 (orixinal e copia para o interesado).

- DNI (orixinal e en vigor).
- Resgado do Impreso da Matrícula (onde conste a facultade, curso, materias e pago da cota do Seguro Escolar).

PERSOAS SEN SEGURO ESCOLAR

En caso de precisar atención hospitalaria a persoa lesionada debe dirixirse ao centro de referencia do seu respectivo seguro (Seguridade Social, MUFACE, Seguro Deportivo Federado...).

10. PARA SER ÁRBITRO/A DAS LIGAS

A área Deportiva da USC habilita como árbitro/a das ligas Universitarias, atendendo aos seguintes criterios e na seguinte orde de preferencia

- por titulación arbitral federativa,
- por demostrada experiencia nesa modalidade deportiva.

No mes de setembro a área Deportiva da USC abre o prazo de inscrición para aquelas persoas da comunidade universitaria que desexen arbitrar. As datas do prazo de inscrición son publicadas na páxina web da Área de Deportes da USC.

Todos os árbitros/as das ligas Universitarias teñen que informarse e completar a unha ficha (dispoñible na páxina web) cos seus datos persoais imprescindible para poder abonar a gratificación por cada partido.

Posteriormente enviarase, vía e-mail, a ficha xunto coa seguinte documentación:

- 1 fotografía tamaño carné.
- Certificado de conta Bancaria.
- Fotocopia do DNI

Campus de Santiago: ana.martinez.fernandez@usc.es

Campus de Lugo: jesús.castro@usc.es

Antes do inicio das ligas, realizarase unha reunión presencial (a data e a hora publicarase na páxina web) co obxectivo de informar sobre procedementos e aclarar dúbidas.

11. RECOÑECEMENTO ECTS

O recoñecemento de créditos ECTS pode solicitarse, desde a conta de usuario (nova operación->Nova solicitude de créditos), por:

1. En escolas físico-deportivas.
- 2. En competicións deportivas:**
 - a. Deportistas/Adestradores ou Técnicos/Árbitros ou Xuíces de Alto Nivel da USC.**
 - b. Competición universitaria ou federada de ámbito internacional.
 - c. Competición oficial universitaria ou federada de ámbito estatal.
 - d. Competicións autorizadas polo Servizo de Deportes da USC.

A efectos de competición deportiva considerarase como participante a deportistas, adestradores/as ou técnicos/as, árbitros/as ou xuíces/xuízas

3. En actividades de dinamización de actividades físico-deportivas da USC
4. En actividades formativas no eido deportivo.
- 5. Nas Ligas USC acreditar 25 partidos, a estes efectos poderán computarse:**
 - a. o para unha modalidade deportiva durante un mínimo de dous cursos académicos consecutivos;
 - b. o para dúas ou máis modalidades deportivas durante un mínimo dun curso académico, no caso de computarse dous ou máis cursos académicos deberán ser igualmente consecutivos.
 - c. Data de aplicación: desde o curso 2024-25.
 - d. Contar co informe favorable da AD.

INFORMACIÓN ECTS

